

Polémica Jaureguizar-Caneiro

Na literatura galega tamén están ao día as polémicas entre escritores, signo de indubidable vitalidade. Nos artigos *As leis do monte e Cervantes*, *Caneiro*, *Tabuchi*, etc., reproducimos unha destas discusións que acadou maior audiencia, nestes últimos tempos.

A morfina do morfema

XOSÉ MANUEL G. TRIGO

Levantada a lebre do modelo estilístico na literatura galega actual por mor da disputa Jaureguizar-Caneiro, o Cartafol de Libros solicitou dun recoñecido crítico e colaborador noso, que segue desde os seus inicios e estudou con precisión de entomólogo a obra de Xosé Carlos Caneiro, a inmersión na última novela do verinés: *Ámote*. O diagnóstico, gorentoso, é este.

Cando lle preguntaron a Truman Capote a súa opinión sobre a novela de Kerouac *No camiño*, dixo que non era máis que mecanografía. Hoxe, como a tecnoloxía avanza de medo, dun libro coma *Ámote* case se podería dicir que pouco máis é que ordenador. O valor estético dun relato non se pode deixar en mans da computadora, porque dela só xurra a lingua na súa mecanicidade morfosintáctica, pero non o estilo. Isto é o primeiro que descorazona neste libro: que se queira dar como estilístico o que só é lingüístico. Neste sentido, insístese teimudamente nos mesmos efectos (que findan en defectos) que se amosaban en *Ébora*: o fagocidio verbal, a inflación lexical case oceánica, onde aboian algúns produtos mentais de feble entidade intelectual. O mesmo narrador confesa o seu pecado de logorra: «un empeza a escribir pensando que vai contar un suceso determinado e finalmente acaba parafraseando palabras» (p. 319). Segue sendo índice de inmaduridade estilística a práctica das montaxes morfémicas —derivativos a cachón—, case sempre de substrato inventarial castelán ao que o autor se entrega co frenesí dun xogo de mecano. O resultado é un cadoiro de neloxismos superfluos que contrasta coa ausencia ou a parquedade de pezas lexítimas patrimoniais que terían oportunidade por razóns temáticas. Por poñer un exemplo, é pavelo que o protagonista do relato, un idiota de paradigma, ao que se alude cunha restrá de epítetos merecidos —*bobó*, *imbécil*, etc— nunca se lle chame *parvo*, que sería axeitada atribución, con toda a riqueza sémica específica que este vocablo posúe na nosa lingua. O protagonista é un parvo exacto, un parvo do país que ao autor lle sae redondo e nesta construción radica un mérito que é xusto computar. Este antiheroe, namorado de duascenas mulleres, evidencia, por virtude da propia cantidade e segundo a lei orteguiana, que nunca sentiu amor. El non milita nun amor imposible, senón na imposibilidade dun fornicio universal. E mentres entretén a fame de femia, este Ulises esperpéntico fica extraviado en reflexións periféricas sobre a soidade, a melancolía, o cinismo, a natureza da literatura e o mundo mediático.

Aínda que o autor non renuncie en ningún momento á súa condición de animal lingüístico (que non é o mesmo que animal estilístico, insisto), resulta case urticante esa reiteración quérote-quérote-quérote, que toca o punto de cursilería con expresións como «que lindo quererete», como ladaíña dun discurso sen contido. Se, como di Peirce, a linguaxe dun home é a suma total de si propio, aquí hai pouco que sumar desde o punto de vista cognitivo, que sempre ten que ser unha achega inexcusable nun libro que se gabe de meterse no tema do amor. O fraseo vai desde a insipidez escolar («o paraíso non existe se ti non estás», ou «cando un está namorado sempre ve uns ollos verdes», p. 15), pasando pola obviedade («a violencia parécame o peor dos defectos da humanidade») e mais polo tópico («a fama convértese no gran andazo do século vinte e un», p. 334). Pero onde o texto amosa máis debilidade cognitiva é nas numerosas reminiscencias desa caste que se achega á estereotipia, de xeito que o que por esixencia temática debería ser un sólido entramado intertextual, fica reducido a lugares comúns e titulares de suplemento literario: «os paraísos están no pasado» (p. 303), vagamente proustiano; «o periodista é o recolledor da sucidade humana» (p. 184), con aromas de Vargas Llosa; «falo coa autoridade que me outorga o fracaso», que é o que queda de Scott Fitzgerald en todos os calendarios. Se a todo isto lle espaxemos uns versos de Neruda (a invocación nominalista máis recorrida), velaí temos toda a grámica lectural do libro de Caneiro. Porén, tratándose dunha temática axial nas series literarias non foron convidados os grandes especialistas en «ciencia amorosa», como diría Rubén. Os inventores do amor e a muller, Balzac e Stendhal nomeadamente, non asisten á convocatoria intertextual dun libro de amor que paradoxalmente nunca consegue ser erótico.

En realidade, ao meu parecer, non se trata dun libro de amor. O tema da novela é a testosterona sen drenaxe, que conduce a unha forma do sublimación que é a logorrea. Xa o di o apostemado narrador cando reconece que, en materia de amor, as putas «aprendéronme todo» (p. 311). E isto parece unha idioenciclopedia rudimentaria; non porque as fillas de Príapo non posúan a súa específica mestría no xénero, que hai que reconecérllelo, senón porque o personaxe —en coherencia coa súa parvicio— non lle tira aproveitamento lectivo.

No tocante ao vernizado humorístico, que tenta ás veces o beocio protagonista, hai que dicir que non consegue callar. O humor son as ventás dun relato e este tería agradecido estas luces, pero alusións coma esa tan dominante, recorrente e irreverente a *Jesusito* (de mi vida...) cae desde a intención cómica na condición patética.

En fin, esta novela recórdame que un relato non é cuestión de abrir a billa das palabras, porque aínda que o estilo dun escritor é a súa linguaxe e as palabras son a súa moeda, esta moeda —como todas— debe contar cunhas reservas que a respalden, neste caso cuns contidos de mente e corazón que aquí son escasos e compénsanse coa inflación verbal.